

## Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 11 de marzo de 2022

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 11/03/2022
- II. Asistentes á CGIC do 11/03/2022
- III. Novos procedementos de calidade:
  - a. Manual de Calidade do Centro
  - b. DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico.
- IV. Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.
- V. Rexistro R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.

Ábrese a sesión ás 10 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 10 de febreiro de 2022.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador.**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:**


- ✓ Subíronse á plataforma do SGIC as fichas das accións de mellora e engadíronse como anexos ao documento do Plan de Melloras (*aprobado na sesión do 17/12/2021*); o documento final foi achegado aos membros da comisión.

## ➤ Comisión de Calidade da Universidade de Vigo – 22/02/2022

- ✓ Recomendacións para os Plans de Mellora dos centros en base aos comentarios achegados polos avaliadores:
  - Subir as AM ao SGIC e mantelas actualizadas: alta, seguimento e peche.
  - Agrupar como AM de centro as comúns das titulacións.
  - No Manual de calidade institucional recóllese como anexo un *Manual da aplicación do SGIC* que inclúe un apartado explicativo da xestión dos Plans de Mellora.
  - A mellora do entorno da aplicación (visualización, xestión...) aínda está pendente.
- ✓ **Selos internacionais:** a finais de abril está prevista a petición da documentación necesaria para a convocatoria 2021-2022 do selo EUR-ACE.
- ✓ **Seguimento externo / interno:**
  - **Interno:** van achegar informes máis lixeiros a tódolos centros, sen o formalismo de resposta, pero coa recomendación de crear novas AM en base ás indicacións.
- ✓ **EAD 21/22:**
  - Primeiro cuadrimestre: participación similar á do curso pasado.
  - Intentan automatizar os procesos de tratamento dos datos acadados.
- ✓ **ES:**
  - Evolución de participación nos 3 últimos cursos:

	Curso 19/20		Curso 20/21		Curso 21/22
	Resultado	Participación	Resultado	Participación	Previsión de realización
Alumnado	3,28	34%	3,34	25%	X
Profesorado	N/A	N/A	4,18	46%	N/A
Persoas tituladas	3,37	39%	3,45	18%	X
Empregadores	N/A	27%	4,24	-	X
PAS	N/A	N/A	3,75	20%	N/A


- ✓ **QSP: avance do informe anual 2021.**
  - Redución significativa do número de QSP
  - Tempo de resposta en prazo: 95%
  - A maioría presentadas polo alumnado: 60%



MOTIVO	Nº QSP 2020	% TOTAL 2020	Nº QSP 2021	% TOTAL 2021
Prestación	163	22,42%	143	30,11 %
Docencia	300	41,27 %	96	20,21 %
Instalacións	116	15,96 %	84	17,68 %
Persoas	48	6,60 %	82	17,26 %
Procesos	100	13,76 %	70	14,74 %

- ✓ Validación do **Manual de Calidade** (institucional e de centro) e do procedemento **DE-01 Programación e desenvolvemento estratéxico** (que inclúe a Política e Obxectivos de Calidade).
  - Adaptación e proposta para a súa aprobación nos centros.

- Inicio nos centros de accións para desenvolver os seus programas estratéxicos.
- A Área de Calidade proporá reunións cos centros para axudar na posta en marcha de xeito sinxelo, sostible e útil.



- ✓ No punto de Rogos e preguntas, o Coordinador de calidade da EEME preguntou se había algunha novidade en relación ao escrito achegado polo centro á UAP en 2019 sobre a consideración do PDI de titulacións con materias compartidas nos datos publicados dos indicadores que se utilizan para o IRPD e lembrou que na resposta da UAP se indicaba que a solución quedaba en mans da VOAP. Responderon que tomaban nota para revisalo e que, tal vez, poderíase resolver co novo *Sigma2*.
- **Comunicacións da Área de Calidade – DO0102 Seguimento e mellora das titulacións**
  - ✓ 4 marzo: achegan o Informe para a Revisión Interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de graos e mestrados (R3-DO0102), baseada nos procesos de avaliación externos dos últimos cursos, correspondente ao curso 2020-21. Sinalan que falta unha AM na plataforma do SGIC pero se trata dun erro.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Selos internacionais convocatoria 2022**
  - ✓ 2 marzo: achegan enlace e contrasinal do espazo para subir a documentación relativa ao programa de Selos Internacionais no que participa o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas que será avaliado na convocatoria 2022. O prazo para subir a documentación remata o 15 de maio e a visita virtual terá lugar na semana do 7 de novembro. Tamén proporcionan o documento *“Instrucciones para la Presentación del Informe de Autoevaluación y Evidencias a través de la Icloud de ANECA”*.
  - ✓ 8 marzo: achegan plantillas para a elaboración do informe de autoavaliación.
  - ✓ O próximo 17 marzo teremos unha reunión con Raquel Gandón (Área de Calidade).
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Avaliación Docente EAD2021**
  - ✓ 14 febreiro: achegan arquivo excel cun resumo dos datos obtidos por titulacións (para o rexistro R1-PE02 P1 do SGIC 20/21, sen % de participación).
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**
  - ✓ **Indicador I07(2)–DO:** incluír na enquisa de satisfacción a persoas tituladas a valoración sobre o TFM/TFG en base á inclusión dalgunhas preguntas concretas; elaborouse unha enquisa propia xestionada pola Área de Calidade.
    - 1 marzo: Raquel Gandón achega os resultados finais

- Queda pendente analizarlos e incluír a información no IRPD 2020/21 e no rexistro *R1-MC05 P1 - Informe de Resultados de satisfacción propios do centro/titulación* para o curso 2021/22.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións PT**
  - ✓ 22 febreiro: publicación no Portal de Transparencia dalgúns dos informes de indicadores pendentes de actualización no Portal de Transparencia (Taxas de transición Grao-Máster e Taxa de captación).
  - ✓ Está pendente resposta á consulta sobre a nota media de acceso ao MUEM.
  - ✓ Está pendente a publicación do indicador I10-DO GRA.3 duración media dos estudos.
- **PAT-ANEAE:**
  - ✓ Estanse a elaborar as FAQ e a listaxe de respostas para os títolos PAT.
  - ✓ Análise dos espazos existentes en MooVi tanto para Coordinación como para Información e Orientación ao alumnado e reestruturación dos mesmos: definición, configuración, creación e probas dos espazos e funcionalidades. Agradece a colaboración de Marcelino Meana (Servicios informáticos – Teledocencia).
- **Novos rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:**
  - ✓ Pendentes:
    - **R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas** (aprobado en CC o 10/02/22, pendente aprobación XdE)
    - **R4- PE02 P1 - Ficha Programa/actividade de formación** (se procede)
  - ✓ Pospostos á próxima Comisión de Calidade:
    - **R1- DE02 P1 - Panel de indicadores** (15/03/22)
    - **R1- DE03 P1 - Informe Revisión Sistema pola Dirección** (15/03/22)
    - **R1- DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación** (15/03/22)

A Presidenta agradece ao Coordinador de calidade o traballo realizado.

### 3. **Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade: *Manual de Calidade e DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico***

A Presidenta sinala que os documentos foron achegados con antelación aos membros da comisión e precisa a nova estrutura do Manual de Calidade, que se descompón nun Manual Institucional e un Manual de Centro. O primeiro xestiónase dende a Área de Calidade e apróbase a nivel de Universidade (pendente de aprobación no Consello de Goberno). O segundo é responsabilidade do centro. Amonsa o documento proposto para este último (Anexo IIIa) e comenta a parte máis específica do centro. Ademais, sinala as principais modificacións propostas pola dirección sobre o documento base achegado pola Área de Calidade, relativas á composición da Comisión de Calidade, aclarando que a nova composición non sería aplicable ata que se faga a correspondente modificación do Regulamento Interno do centro.

Abre unha quenda de intervencións na que interveñen Carmen Filgueira, Luisa Álvarez e Generosa Fernández en relación á representación do alumnado na Comisión de Calidade e á necesidade de traballar para conseguir que o alumnado se involucre máis nos temas de calidade.

Recollendo as suxestións realizadas, a Presidenta propón substituír o representante da Delegación de Alumnado por un representante máis do alumnado de grao (priorizando un representante por grao, se é posible).

Apróbase por asentimento o *Manual de Calidade do Centro*, delegando a redacción final na dirección. A versión final presentarase para a súa aprobación na Xunta de Escola do 16 de marzo.

A continuación amosa o procedemento *DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico* (Anexo IIIb) e o comenta brevemente. Sinala que a Política e Obxectivos de Calidade pasa a ser un documento asociado a este procedemento e modifica o seu formato.

A Comisión aproba o novo procedemento por asentimento.

Agradece ao Coordinador de calidade o traballo realizado na elaboración e revisión dos documentos.

#### **4. Aprobación, se procede, do rexistro *RI-IA01 Necesidades de recursos e servizos* do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.**

A Presidenta sinala que se trata dun rexistro relativo á distribución de créditos do orzamento correspondente ao ano 2022. Aclara que o documento (Anexo IV) foi elaborado por Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, en colaboración con Ana Cacheiro, Administradora de ámbito. Cede a palabra a Francisco Deive, quen comenta brevemente os principais apartados e sinala que se manteñen os criterios de distribución do ano anterior.

A Presidenta agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

Apróbase a proposta por asentimento.

#### **5. Aprobación, se procede, do rexistro *RI-DO0301 PI Verificación/chequeo de información pública* do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.**

A Presidenta sinala que este rexistro consiste nun chequeo do estado da información pública do centro. Sinala que Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, levou a cabo unha revisión da accesibilidade á información pública seguindo o *check list* recollido no procedemento **DO0301 Información pública e rendemento de contas**. Tomando este informe como punto de partida, a Directora e o Coordinador de calidade



elaboraron o documento final (Anexo V). O comenta brevemente e insiste no apartado final de resultados e conclusións, resaltando a conveniencia de que o alumnado faga un chequeo similar para mellorar a accesibilidade da web.

Apróbase a proposta por asentimento.

Agradecemento a Francisco Deive e Guillermo García a revisión da web e a elaboración do documento.

## 6. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 2 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a once de marzo de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 11/03/2022

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 11 de marzo de 2022, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e trataranse os seguintes puntos da

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 10 de febreiro de 2022.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade: *Manual de Calidade e DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico*.
4. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos* do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública* do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 4 de marzo de 2022

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(\*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.





## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 11/03/2022



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 11 de marzo de 2022</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudiantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro



## **ANEXO III**

**Novos procedementos de calidade:**

- a. Manual de Calidade**
- b. DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico.**



## **ANEXO IV**

**Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento  
IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.**



## **ANEXO V**

**Rexistro R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas**